


XI XORNADAS MARTIN SARMIENTO

Día do galego no Bierzo

11 marzo 2019



Dedicadas aos Concellos galegofalantes do Bierzo:

“CORULLÓN: Un castelo, viñas, soutos, cireixais e zoupeiros.”



Comisión
Cultural
Martín
Sarmiento
Vilafranca do Bierzo



A Comisión Cultural Martín Sarmiento ao dar comezo á presente edición lembra que foron varias as etapas pasadas e formatos destas Xornadas dende que no ano 2005 as puxemos en marcha coa intención de manter viva a memoria da vida e da obra do erudito nacido en Vilafranca do Bierzo un 9 de marzo de 1695. Nunha segunda etapa para a que contamos coa imprescindible colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia demos un paso importante consolidando o denominado **Día Escolar do Galego no Bierzo** que garantizou a interacción desta figura senlleira das Letras Galegas e do seu legado, especialmente o lingüístico, co alumnado e profesorado do **Programa de Promoción do Galego** na nosa comarca, así como o conxunto das administracións responsables do mesmo. Un dos últimos logros das Xornadas Martín Sarmiento no referente á dinamización da lingua na nosa comarca foi a elaboración do **Decálogo dos novos espazos para o galego no Bierzo** que se aprobou por unanimidade no Consello Comarcal do Bierzo o 2 de marzo de 2018 co que promoción lingüística procura novas dimensións.

Seguindo o fío condutor deste importante acordo institucional quixemos inaugurar, na presente edición das Xornadas, unha etapa na que as administracións locais bercianas que falan galego teñan un protagonismo especial. É por iso polo que ademais de realizar actividades en Vilafranca, como a vila natal do erudito homenaxeado, imos ir sumando en cada edición a un concello coa idea de desenvolver na localidade escollida un labor específico de promoción da lingua.

Así pois, como reza o lema das Xornadas, este ano 2019 será Corullón a localidade que acolla inicialmente aos alumnos/as de Secundaria, que abordarán eilí os Intercambios do Día Escolar do Galego no Bierzo. Temos que agradecer ao goberno municipal a súa disposición que van permitir con toda seguridade ir asentando en cada un dos concellos galegofalantes iniciativas necesarias de dinamización cultural de interese de cara ao futuro.

*Lembramos que este ano ao coincidir en día non lectivo o aniversario do nacemento de Sarmiento en Vilafranca, o Día Escolar do Galego no Bierzo trasládase ao día 11 de marzo.

Día Programa do Galego nas escolas do Bierzo.

LUNS 11 de marzo 2019: Corullón/ Vilafranca do Bierzo.

PROGRAMA DE ACTOS

1ª SESIÓN: CORULLÓN

9,30 h. Chegada dos buses dende os centros participantes á Praza maior de Corullón.

ITINERARIO DIDÁCTICO: Intercambio Escolar dos IES do Bierzo, un itinerario didáctico por Corullón, pobo do que falou Sarmiento e que realiza cada centro de Secundaria que participa no Programa de galego e a EOI de Ponferrada. Están presentes a totalidade dos alumnos/as do Programa de Promoción de SECUNDARIA dos centros:

IES Padre Sarmiento (Vilafranca)
IES Bergidum Flavium (Cacabelos)
IES Europa (Ponferrada)
IES Virgen de la Encina. (Ponferrada)
Alumnos/a Galego da EOI de Ponferrada.

12 h.: Intervención das autoridades presentes do Consello Comarcal, da Xunta de Galicia e da Junta Castilla y León. **Presentación da IIª Edición dos Premios Morales aos centros presentes.**

13 h.: Rolda de prensa e reunión de traballo no Salón de plenos de Corullón.

2ª SESIÓN: VILAFRANCA DO BIERZO

11,00h: . APERTURA DOS INTERCAMBIOS DE PRIMARIA. **TEATRO VILAFRANQUINO**

Intervención das autoridades presentes do Consello Comarcal, da Xunta de Galicia e da Junta Castilla y León. **Presentación da IIª Edición dos Premios Morales aos centros presentes.**

11,15- **ENREDANDO CON PAKOLAS**, actuación musical de Paco Cerdeira subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

Asisten alumnos/as dos centros de PRIMARIA:

CEIP San Lorenzo de Brindis de Vilafranca,
CEIP da Quinta Angustia de Cacabelos,
CEIP Valentín García Yebra de Ponferrada,
CEIP Compostilla de Ponferrada,
CEIP Jesús Maestro de Ponferrada,
CEIP San Ildefonso de Camponaraia,
CEIP Virgen del Carmen de Ponferrada,
CEIP Toral de Merallo,
CEIP M.L.Ucieda de Toral de los Vados,
CRA Carucedo,
CRA de Cubillos do Sil,
CRA Jimena Muñiz de Corullón,
CRA Puente de Domingo Flórez,
Colexio Divina Pastora de Vilafranca.

Comisión
Cultural
Martín
Sarmiento

Vilafranca do Bierzo

